

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: XUNTA GOBERNO LOCAL SESIÓN ORDINARIA 2025408

EXPEDIENTE: 2025/G003/000535

EXPEDIENTE: 2025/G007/000007

De acordo co decreto da alcaldía núm. 899/2023 de data 26 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno Local celebra sesións ordinarias o segundo e cuarto martes de cada mes ás 9:30 horas (nove e media da mañá).

Enterado da relación de expedientes e logo de ver os artigos 81, 82.1 e 113 do ROF e preceptos concordantes;

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a sesión **ORDINARIA** da Xunta de Goberno Local o día **8 DE ABRIL DE 2025 (martes)**, ás **09:30 horas (nove e media da mañá)**, na sala de xuntanzas da alcaldía da Casa do Concello, en primeira convocatoria e, de non haber "quorum" suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois, coa seguinte

ORDE DO DÍA

ASUNTO/S

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES:

- ORDINARIA núm. 2025/06, do 25 de marzo de 2025

2.- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DOS EXPEDIENTES DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA INFORMADOS FAVORABLEMENTE POLA TÉCNICO MUNICIPAL

3.- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXPEDIENTE DE COMUNICACIÓN PREVIA DE 1ª OCUPACIÓN INFORMADO FAVORABLEMENTE POLA TÉCNICO MUNICIPAL. APROBACIÓN DA TASA ADMINISTRATIVA E APROBACIÓN LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA ICIO POR INCREMENTO DO PRESUPUESTO DE EXECUCIÓN MATERIAL DA OBRA DE ACORDO COA LIQUIDACIÓN FINAL DA OBRA PRESENTADA NO EXPEDIENTE DE COMUNICACIÓN PREVIA DE 1ª OCUPACIÓN.

4.- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXPEDIENTE DE COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO TITULAR NA ACTIVIDADE INFORMADO FAVORABLEMENTE POLA TÉCNICO MUNICIPAL

5.- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXPEDIENTE DE COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE INFORMADO FAVORABLEMENTE POLA TÉCNICO MUNICIPAL

6.- CORRESPONDENCIA OFICIAL E INFORMACIÓN DA ALCALDÍA.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Xunta de Goberno Local, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión da notificación do presente decreto:

ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
------------------------	------------	-------------------------------

NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PABLO NEGREIRA SOUTO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL

A acta da sesión ordinaria núm. 2025/06, do 28 de marzo, foi remitida por escrito da secretaría asinado con data 28/03/2025, rexistro de saída núm. 20250000001070/28-03-2025.

Esta resolución notifícase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interperse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interperse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

Alberto Romar Landeira

Dou fe, a secretaria xeral

Cristina Alonso Losada